

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE E A FEDERACIÓN GALEGA DE REDEIRAS ARTESÁS "O PEIRAO" PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS FORMATIVAS DE CUALIFICACIÓN E RECUALIFICACIÓN DA POBOACIÓN ACTIVA NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

REUNIDOS

Dunha banda, M^a Jesús Lorenzana Somoza, Conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte, a Federación Galega de Redeiras Artesás "O Peirao" (en adiante, a Federación), e no seu nome e representación Verónica Veres Tasende, con DNI 79.330.819R, en calidade de presidenta da mesma elixida na assemblea xeral celebrada o día 27.06.2020 e segundo consta no Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia en virtude das facultades emanada do artigo 8 dos Estatutos, con CIF G15969868 e con domicilio en As Neves, nº 3, 4ª travesía, CP 15113, Malpica de Bergantiños (A Coruña).

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- A Federación Galega de Redeiras Artesás "O Peirao", é unha entidade non lucrativa que aglutina oito asociacións de redeiras galegas.

A Federación ten entre os seus fins e obxectivos, realizar tarefas encamiñadas á formación e información do sector, actuar como órgano de colaboración coas Administracións na defensa e promoción do sector, buscar novas alternativas de emprego para as redeiras e conservar, mellorar a capacitación profesional sectorial e empresarial das redeiras galegas.



Para a consecución deses obxectivos, entre outras actuacións que desenvolve está a coordinación das relacións institucionais e a interlocución coas Administracións para o desenvolvemento de actuacións de interese para o colectivo, así como tamén contribuír a mellorar a cualificación e a formación das súas asociadas, fomentando, coordinando e impartindo cursos, seminarios e programas formativos.

Segundo.- En Galicia é onde hai o maior número de redeiras, 700 das preto de 900 que existen en España, sendo ademais un colectivo formado no seu 99% por mulleres e cunha media de idade que supera os 45 anos.

O oficio de redeira é unha parte importante da cultura e tradición galegas máis seculares. É tamén unha actividade con indudables efectos sobre a economía e o emprego dos municipios de beiramar nos que constitúe unha das fontes da actividade económica desas zonas, contribuíndo tamén así ao afianzamento da poboación do medio rural, é ademais unha actividade con características singulares e diferenciais polo que a súa valoración require superar a percepción que se ten dunha actividade arcaica e obsoleta, o que obriga a que as accións de valoración deste oficio comprendan os mecanismos precisos para o fomento e promoción desta actividade.

No marco dos fins citados no punto primeiro deste convenio a Federación participou activamente para acadar a implantación do certificado de profesionalidade “Confección e Montaxe de Artes e Aparatos”, que reconece a profesión de redeira e deste xeito para que as persoas mozas poidan aprender un oficio e obter unha titulación ou acreditación.

Terceiro.- A mellora das capacidades profesionais da poboación adulta, a súa reciclaxe e perfeccionamento, supoñen un enorme desafío sobre todo no caso de persoas pouco cualificadas que fan necesario implantar accións que contribúan a mellorar as súas capacidades. Neste sentido, o procedemento de acreditación das competencias profesionais adquiridas pola vía da experiencia laboral ou por outras vías non formais, regulado polo Real Decreto 1224/2009, de 17 de julio, é un instrumento que permite avaliar as competencias profesionais que posúen as persoas, adquiridas pola experiencia laboral e outra vías non formais de formación e acreditar oficialmente as competencias profesionais acadando o certificado de profesionalidade correspondente, favorecendo a súa posta en valor co fin de facilitar a inserción e a integración laboral e a progresión persoal e profesional.

Na Comunidade Autónoma de Galicia o colectivo de redeiras participa neste procedemento pero certo é que dado que a idade media das mulleres do colectivo supera os 45 anos e se ben sí poden acreditar anos de experiencia laboral, tamén o é que non en todos os casos cumpren co número de anos e horas esixidos para esta acreditación e que poderían ser complementados mediante a acreditación de horas de formación non formal. Isto ademais permitiría tamén paliar precisamente o caso contrario, é dicir, hai falta de relevo xeracional e dende a Federación realízase dende hai anos un proceso intenso de visibilización e posta en valor do oficio co obxectivo, entre outros, de atraer a persoas mozas



que se adiquen a este oficio, polo que neste caso, ao non contar cos anos de experiencia, é necesaria formación que permita acadar o certificado de profesionalidade e unha desas vías podería ser realizando accións formativas de carácter non formal.

Cuarto- A Federación, polos seus propios obxectivos, ten o coñecemento de base para anticiparse ás necesidades da mellora da formación do colectivo, favorecendo e promovendo a capacitación profesional das súas asociadas e a profesionalización do sector de xeito que lles permita impulsar a súa produtividade e competitividade e facer fronte así ás oportunidades de negocio que os mercados poidan ofrecer. Ese coñecemento así como a súa representatividade, estímase como xustificativos da elección da Federación para levar a cabo as accións obxecto do presente convenio e por iso é polo que se considera que é a idónea para realízalas e inclúese dentro da excepción ao principio de concorrencia pública de conformidade co previsto no artigo 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Quinto.- O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 29, atribúelle á Comunidade Autónoma, en concordancia co artigo 149.1.7ª da Constitución española, a competencia para a execución da lexislación do Estado en materia laboral, asumindo as facultades, funcións e servizos correspondentes a este ámbito.

Sexto.- A Conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación ten, entre outras, as competencias en materia de dirección e coordinación das actuacións da consellería en materia de cualificación profesional, promoción da empregabilidade e formación profesional para o emprego e, singularmente, a coordinación da participación das entidades colaboradoras, sen ánimo de lucro, na execución e desenvolvemento dos servizos de políticas activas de emprego, a través da colaboración público-privada.

De conformidade co exposto, correspóndelle a esta consellería a xestión das subvencións e axudas públicas das políticas activas de emprego e entre as que están as medidas dirixidas a responder ás necesidades de formación e cualificación das persoas co fin de promover a aprendizaxe ao longo da vida, a promover unha oferta formativa de acordo coas necesidades dun mercado laboral cambiante axustando mellor as competencias e facilitando as transicións laborais, a mellorar a empregabilidade das persoas desempregadas e ocupadas, ao mantemento do emprego e a progresión profesional das persoas ocupadas mediante a mellora e a actualización das súas cualificacións, no marco da Estratexia europea para o emprego, do Programa nacional de reformas, do respectivo Plan anual de política de emprego (PAPE) e no eido da colaboración institucional.

Sétimo.- O Consello Europeo aprobou o pasado 21 de xullo de 2020 o instrumento financeiro Next Generation EU, que inclúe como elemento central, un Mecanismo para a Recuperación e a Resiliencia (MRR) cuxa finalidade é apoiar o investimento e as reformas nos estados membros para lograr unha



recuperación sostible e resiliente, permitindo levar a cabo reformas tanto a nivel nacional como en cogobernanza coas comunidades autónomas con competencias transferidas.

En liña co anterior, o Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021 aprobou o Proxecto de Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia para España e este foi aprobado pola Comisión Europea o 16 de xuño de 2021.

Oitavo.- O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia inclúe como compoñente 20 o Plan estratéxico de Impulso á Formación Profesional, que supón a continuidade do Plan de Modernización da Formación Profesional, e entre as inversións dese compoñente 20 está a inversión 1, denominada "Reskilling y Upskilling de la población activa ligado a cualificaciones profesionales" entre cuxas liñas de actuación figura a número 4, que atende á formación en competencias emerxentes, de rápida evolución e con prospectiva na xeración de emprego. Así mesmo, atende tamén á formación naqueles sectores que, como consecuencia da previsible evolución das condicións económicas e sociais, xerarán no futuro postos de traballo.

Noveno.- As actuacións incluídas no Plan de Modernización da Formación Profesional execútanse, ente outros, a través dos créditos que se distribúen ás comunidades autónomas e estando financiadas esas actuacións polo Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea, establecido polo Regulamento (UE) 2020/2094 do Consello, de 14 de decembro de 2020, polo que se establece un Instrumento de Recuperación da Unión Europea para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19 e regulado segundo o Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello de 12 de febreiro de 2021.

Con data 16 de novembro de 2021 o Consello de Ministros aprobou o Acordo polo que se autoriza a proposta de distribución territorial e os criterios de reparto dos créditos xestionados polas comunidades autónomas destinados ao desenvolvemento de accións de cualificación e recualificación da poboación activa para o ano 2021.

Nas sesións da Conferencia Sectorial do Sistema de Cualificacións e Formación Profesional para o Emprego celebradas os días 1 de decembro de 2021 e 30 de maio de 2022, aprobáronse os criterios de reparto e a distribución resultante entre as comunidades autónomas para os anos 2021 e 2022 respectivamente, dos fondos destinados a financiar a cualificación e recualificación profesional da poboación activa mediante accións formativas de carácter non formal vinculadas a cualificacións profesionais incluídas no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais así como accións de acompañamento no procedemento de acreditación de competencias.

Décimo.- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, prevé a concesión directa de subvencións cando se acrediten razóns de interese público, social ou económico. No mesmo senso, ex-



présase o artigo 36.c do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da lei. Por outra parte, o artigo 40.1 do mesmo decreto posibilita a concesión de subvencións directas mediante convenio, nos casos en que se acrediten razóns de interese público, social ou económico.

Décimo primeiro.- Dado o carácter singular das actuacións que se van desenvolver en base a razóns de interese social e ao interese prioritario de establecer unha colaboración o máis estreita posible entre a Conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade e a Federación para o desenvolvemento dalgunhas das medidas previstas no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, que corresponde executar á Comunidade Autónoma de Galicia, neste caso, Reskilling e upskilling da poboación activa ligada a cualificacións profesionais (Compoñente 20-Inversión I.1), estíbase xustificada a non procedencia de promover a concorrncia pública para os efectos da subscripción deste convenio, pois a Federación resulta un axente idóneo, tanto polo seu amplo coñecemento posto de manifesto nas funcións que ven desenvolvendo como por integrar entre os seus membros a asociacións de redeiras galegas e pola súa condición de entidade representativa deste sector

Décimo segundo.- En virtude do anterior, e acreditado que a Federación cumpre cos requisitos establecidos para obter a condición de beneficiario, segundo o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ambas as dúas partes acordan subscribir o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

1. O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Federación e a Conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade para a realización de accións formativas, de carácter non formal, de cualificación e recualificación da poboación activa no sector das redeiras que se axusten ás necesidades máis inmediatas de formación e que permita a actualización das competencias profesionais ou a adquisición doutras novas e que, con carácter orientativo, poden ser as recollidas no Anexo I deste convenio e que deberán ter vinculación co Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

2. Ademais das accións formativas, poden realizarse tamén accións de acompañamento para o procedemento de acreditación das competencias como poden ser, entre outras, a información e difusión dese procedemento, a asistencia para a configuración do portafolios documental da persoa candidata, a asistencia para a inscrición no procedemento e calquera outra acción que pida contribuír á acreditación das competencias profesionais. En todo caso, ese acompañamento limitarase a aquelas persoas que participen na acción formativa e así o soliciten.



3. As accións formativas a desenvolver serán de carácter non formal pero cun referente no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais que acheguen de forma inmediata a formación e que permita a súa futura acreditación formal a través do procedemento de recoñecemento da competencia profesional adquirida pola experiencia laboral recollido no Real Decreto 1224/2009, do 17 de xullo. Deste xeito, as accións formativas deberán identificar nos seus contidos formativos a unidade ou unidades de competencia das cualificacións profesionais incluídas no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais na que se describen as realizacións profesionais para as que se oferta a formación.

4. Todas as accións formativas que se programen contarán cun mínimo de 30 horas e un máximo de 60 horas de formación non formal. Para as accións formativas de 30 horas corresponderanlle 245 euros por persoa formada e para accións formativas que acaden as 60 horas de formación serán 549 euros por persoa formada. O módulo máximo de subvención será con independencia de que a acción formativa teña unha duración superior ás 60 horas.

5. O prazo de execución das accións a desenvolver ao abeiro deste convenio comprenderá dende a data da sinatura ata o 1 de decembro de 2022.

Segunda.- Compromisos das partes

A Federación comprométese a utilizar os medios materiais e persoais que resulten necesarios para desenvolver o obxecto do convenio, ademais dos coñecementos e experiencia previa para o deseño, organización e desenvolvemento da coordinación das accións formativas de cualificación e recualificación obxecto do presente convenio.

A Conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade colaborará no financiamento dos gastos derivados deste programa de conformidade co establecido na cláusula cuarta.

Terceira.- Marco normativo específico de aplicación ao Convenio relativo ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

O marco normativo básico reitor deste instrumento, sen prexuízo da normativa en materia de subvencións, e especificamente no relativo ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-Next Generation, ven representado polas seguintes disposicións:

Regulamento (UE) 2020/2094, do 14 de decembro de 2020, polo que se establece un Instrumento de Recuperación da UE para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19



Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR)

Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) de España (aprobado o 16/06/2021 por Decisión do Consello de Europa)

Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do PRTR

Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia

Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR

Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do PRTR.

Cuarta.- Financiamento e contía da subvención

1. A Conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade achegará a cantidade total de douscentos dezanove mil novecientos sesenta euros (219.960,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 11.05.323B.481.1 (código de proxecto 2022 00172) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o financiamento do obxecto do Convenio e no marco do *"Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU"*.

2. De acordo co establecido no apartado 4 da cláusula primeira o importe do módulo por persoa formada será de 245 euros no caso de que sexa unha formación mínima de 30 horas e de 549 euros por persoa formada para o caso de que sexa unha acción formativa de 60 horas, sendo eses importes proporcionais ao número de horas maiores de 30 e menores de 60 horas, en base a aplicación dun axuste lineal.

Entenderase por persoa formada toda aquela que finaliza a totalidade da acción formativa. Na modalidade presencial considerarase persoa alumna formada aquela que asista ao 100% das horas da dita acción formativa. No caso da modalidade de teleformación, entenderase como persoa alumna formada aquela que supere a totalidade dos controis propostos da correspondente acción.



Aquelas persoas inscritas na acción formativa, pero que non a finalizaran, considerarase como gasto subvencionable o 15% do módulo aplicable, debendo acreditarse, no seu caso, a inscrición formal e a realización de, polo menos, un 15% das horas totais da acción formativa.

Quinta .- Gastos subvencionables

1. O importe da subvención destinarase a cubrir os gastos efectivamente realizados pola entidade relativos aos seguintes conceptos subvencionables ao abeiro deste convenio, conforme aos artigos 28 e 29 da Lei de subvencións de Galicia, así como ao establecido no artigo 17 do Regulamento (UE) do Parlamento Europeo e do Consello, 2021/24, non tendo o carácter de recorrente. Serán susceptibles de formar parte do módulo de gasto por persoa formada, os seguintes:

a) Gastos dirixidos á formación para a cualificación e recualificación do colectivo de redeiras a través de accións formativas referenciadas no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, incluíndo todos os costes indubidablemente vinculados á formación, tales como gastos organizativos, gastos directos e indirectos que puideran xerarse como consecuencia da programación, difusión, implementación, seguimento, avaliación e certificación das actividades formativas, gastos do persoal formador, gastos aluguer, infraestruturas físicas ou telemáticas e outros gastos asociados.

b) Gastos asociados ao acompañamento para a avaliación e acreditación das competencias profesionais adquiridas pola experiencia laboral, de ser o caso.

2. O conxunto dos gastos recollidos no apartado anterior desta cláusula non poderán superar, para o total de persoas formadas, a contía modular establecida no apartado 4 da cláusula primeira deste convenio.

3. O importe destas subvencións non constitúen unha axuda de Estado nos termos previstos nos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea (TFUE), dado que as medidas obxecto do presente convenio realízanse no ámbito da educación pública, polo que se considera actividade non económica, ámbito exento das axudas de estado, segundo o apartado 2.5 da Comunicación da Comisión relativa ao concepto de axuda estatal conforme ao disposto no artigo 107, apartado 1, do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

Sexta.- Subcontratación

1. A entidade beneficiaria poderá subcontratar ata o 100% da acción formativa, de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 43 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento.

2. Para o caso de que a impartición da formación se efectúe a través da contratación con outra entidade, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para os contratos menores no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, a entidade beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas, de diferentes provedores non vinculados entre si, con carácter previo á contratación do servizo, salvo que, polas súas especiais características, non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, nos termos do artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. As ofertas presentadas deberán conter os mesmos conceptos ofertados.

No caso de renuncia dunha ou máis das entidades que presentaran as ofertas, estas deberán ser substituídas por outras ata acadar o mínimo de tres esixido.

A elección entre as tres ofertas presentadas, que se deberán achegar na xustificación, realizarase conforme criterios de eficiencia e economía, e deberase xustificar expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposición económica máis vantaxosa.

3. En ningún caso se poderá concertar, total ou parcialmente, a prestación ou adquisición de servizos ou subministracións necesarios para a execución da actividade subvencionada cunha persoa ou entidade vinculada coa entidade beneficiaria, salvo que concorran as seguintes circunstancias:

1ª. Que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado.

2ª. Que se obteña a autorización previa da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación.

Entenderanse por empresas vinculadas aquelas que se atopen nalgunha das situacións revistas no artigo 43 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A carga de proba de que a contratación se realiza en condicións normais de mercado corresponderá á entidade beneficiaria. A Administración actuante determinará a suficiencia ou insuficiencia da xustificación presentada.



4. Imputaranse a este concepto os gastos de subcontratación exclusivamente derivados da actuación que se axusten ao establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non poderá realizarse a subcontratación con persoas ou entidades nas que concorran algunha das circunstancias consignadas no artigo 27.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

En relación co beneficio industrial, non poderá ser superior ó 23% do importe de acordo co disposto no artigo 131. 1, letras a) e b) do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

5. No caso de que se subcontrate todo ou parte da acción formativa, deberán de preverse os mecanismos para asegurar que os subcontratistas cumpran co principio de "non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente" así como o previsto no artigo 8 da anteriormente citada Orden MFP 1030/2021, do 29 de setembro (Anexo II).

6. Nos contratos que se subscriban para acordar a subcontratación, deberá acreditarse que se recollen as garantías precisas para o tratamento de datos de carácter persoal, debendo incluír as cláusulas necesarias para o seu cumprimento, consonte ao establecido na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (Anexo IV).

Sétima.- Xustificación e pagamento

1. A xustificación da subvención realízase a través do réxime de módulos, de acordo co establecido nos artigos 52 a 55 do Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, e os artigos 76 a 79 do Regulamento da Lei xeral de Subvencións, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo. Para implementar o dito réxime de módulos, neste convenio tivéronse en conta como referencia os módulos económicos que por parte da Secretaría Xeral de Formación Profesional do Ministerio de Educación e Formación Profesional se estableceron para subvencionar accións formativas desta liña de cualificación e recualificación no marco do compoñente 20 do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

2. A Federación, no prazo de dous meses, computado desde a finalización das actuacións previstas neste convenio e en todo caso antes do 15 de decembro de 2022, presentará ante a Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación da Conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, a xustificación do cumprimento das actuacións subvencionadas e dos gastos realizados mediante o réxime de módulos.

3. A xustificación presentarase por vía telemática, de acordo co artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e incluírá a seguinte do-



cumentación que deberá presentar a entidade beneficiaria para xustificar os obxectivos e fitos aos que se da cumprimento coa axuda concedida, de conformidade cos mecanismos de verificación establecidos:

a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das obrigas establecidas no convenio, co indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b) Unha memoria económica xustificativa que conterá, como mínimo, os seguintes extremos:

1.º Acreditación ou declaración polo beneficiario do número de unidades físicas consideradas como módulos, é dicir, o número de participantes que remataron a acción formativa e, se é o caso, as accións de acompañamento para o procedemento de acreditación das competencias.

2.º Contía global da subvención xustificada, calculada sobre a base das actividades cuantificadas na memoria de actuación presentada conforme aos módulos contemplados no apartado segundo da cláusula cuarta do presente convenio. A liquidación da subvención realizarase en función das persoas participantes que remataron a totalidade da acción formativa. A liquidación non poderá superar a contía global da subvención concedida prevista no apartado primeiro da cláusula cuarta do convenio. O cálculo realizarase considerando o número de participantes que remataron a acción formativa polo módulo económico correspondente.

Para a xustificación da actividade subvencionada achegaranse ademais unha memoria relativa ás persoas participantes na acción formativa xunto cunha certificación da entidade beneficiaria que inclúa a relación de persoas participantes por cada acción formativa, indicando para cada persoa o período de permanencia na acción formativa.

c) Declaración responsable de non exceder os límites na imputación de custos relativos á subcontratación da docencia a través dun servizo externo, aplicarase para tal fin o disposto na normativa vixente en materia de contratación pública, no sentido de fixar como límites máximos as porcentaxes recollidas no artigo 131.1, letras a) e b), gastos xerais de estrutura, do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

d) Para o caso de que a impartición da formación se efectúe a través da contratación con outra entidade, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para os contratos menores no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, memoria xustificativa da elección entre as tres ofertas presentadas cando a elección non recaia na proposición económica máis vantaxosa.



e) Calquera outra documentación xustificativa ou informes, que de acordo coa normativa nacional ou europea, resulten esixibles no marco do Plan de Recuperación.

Ao abeiro do disposto no artigo 55 do Decreto 11/2009 polo que se regula o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, e no artigo 79 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, os beneficiarios estarán dispensados da obrigaón de presentación de libros, rexistros e documentos de transcendencia contable ou mercantil ou calquera outra documentación xustificativa dos gastos realizados, sen prexuízo da obrigaón do beneficiario de conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das correspondentes actuacións de comprobación e control, segundo dispón o artigo 14.1. g) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, así como de calquera outra obriga derivada da normativa estatal ou da Unión Europea que así o esixa.

Para a xustificación da actividade subvencionada achegaranse ademais unha memoria relativa ás persoas participantes na acción formativa xunto cunha certificación da entidade beneficiaria que inclúa a relación de persoas participantes por cada acción formativa, indicando para cada persoa o período de permanencia na acción formativa.

4. O persoal técnico da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación realizará a correspondente comprobación técnico-económica. No suposto de que a documentación presentada non cumpra cos requisitos sinalados neste convenio, conteña erros ou sexa insuficiente, requirirase á entidade beneficiaria a súa emenda.

Se da dita comprobación resultase o incumprimento, total ou parcial, dos fins para os que foi concedida a subvención, das obrigas previstas no convenio ou dos requisitos establecidos para a xustificación, comunicarase tal circunstancia á entidade beneficiaria xunto aos resultados da comprobación técnica e económica e iniciarase, de ser o caso, o procedemento de reintegro total ou parcial da subvención.

Oitava .- Pagamentos anticipados e liquidación

Logo da sinatura do convenio, poderán realizarse pagamentos anticipados por un importe de ata o 80% da subvención correspondente ás persoas participantes previstas na acción formativa, segundo o disposto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia .



Os anticipos deberán ser solicitados polas entidades beneficiarias xunto coas seguinte documentación:

- Solicitud de pagamento anticipado.
- Declaración responsable segundo o previsto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos artigos 10, 11 e 12 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, de que a entidade está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación cos artigos 63.2 e 67 do mesmo corpo legal, a Federación queda exonerada da constitución de garantías.

Respecto da liquidación, con data límite do 15 de decembro de 2022, a Federación presentará a xustificación das accións realizadas mediante a documentación e cos requisitos recollidos na cláusula sétima e, unha vez comprobada, aboaráselle a liquidación que proceda.

Novena.- Obrigas das partes

A Federación está obrigada a:

- Desenvolver as actuacións recollidas neste convenio e que constitúen o seu obxecto, e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade prevista .
- Realizar a divulgación das actuacións segundo as instrucións que determine a Conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade e facer constar expresamente en toda publicidade ou presentación pública que se realice, o logotipo da Xunta de Galicia, e demais logotipos estipulados pola Comunidade Autónoma de Galicia, ou o Estado. Singularmente e atendendo ao seu financiamento, resulta aplicable o artigo 34.2 do Regulamento (UE) 2021/241 conforme ao cal os *perceptores de fondos da Unión farán mención da orixe desta financiación e velarán por darlle visibilidade, incluído, cando proceda, mediante o emblema da Unión e unha declaración de financiación adecuada que indique "financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU", en particular cando promovan as accións e os seus resultados, facilitando información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público.*
- Ser titular e suxeito pasivo de todas as obrigas tributarias á Administración e á Seguridade Social correspondentes ás accións das que se derive o pagamento de impostos, retencións e cotas que



conlevan as actuacións derivadas da execución do convenio; e, en consecuencia, achegar a declaración responsable ou certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma.

- Someterse ás actuacións de supervisión e control dos órganos da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma e da Conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control; así como das instancias comunitarias competentes a efectos dos fondos europeos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
- Conservar a documentación xustificativa da aplicación dos fondos percibidos durante un período de cinco anos a partir do pago do saldo ou, a falta deste pago, da operación (artigo 22.2.f) do Regulamento (UE) 2021/241, que remite ao respecto ao disposto no artigo 132 do Regulamento Financeiro).
- Presentar, antes da sinatura deste convenio, e tamén coa xustificación da realización das actividades obxecto do mesmo, declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10, 11 e 13 do Regulamento da citada lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Informar ao alumnado, con carácter previo ao inicio das accións formativas, do carácter non formal da formación a recibir e da necesidade da súa posterior acreditación a través dos procedementos que, en base ao Real Decreto 1224/2009, do 17 de xullo, permanecen abertos na Comunidade Autónoma de Galicia, ou de aqueles que no mesmo marco normativo, puideran arbitrarse de xeito singular.
- Reintegrar a contía percibida no caso de incumprimento das condicións establecidas no convenio para a súa percepción.
- Tratar dun xeito confidencial toda a información recibida directa ou indirectamente e a non utilizar ningún dato desa información de maneira distinta ao obxecto do presente convenio. Así mesmo queda obrigada a manter de forma confidencial e a non revelar ningún dato da información coñecida sen o consentimento previo da Conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade.



- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

De acordo co previsto no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, aprobado polo Consello de Ministros o 27 de abril de 2021 e no Regulamento (UE) número 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, en todas as fases do deseño e execución dos proxectos, a administración comprométese a garantir o cumprimento do principio de "non causar dano significativo" (principio "do no significant harm – DNSH") e o relativo a etiquetaxe verde e dixital.

En relación co cumprimento do principio de "non causar dano significativo", o beneficiario da subvención con carácter previo á sinatura do convenio, deberá achegar unha declaración responsable segundo o modelo establecido como Anexo II deste convenio en base ao cuestionario de autoavaliación que se atopa no seguinte enderezo do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o reto demográfico: https://www.miteco.gob.es/es/ministerio/recuperacion-transformacion-resiliencia/transicion-verde/cuestionariodnshmitcov20_tcm30-529213.pdf, e seguindo as directrices recollidas na Comunicación da Comisión Europea (2021/ C 58/01), «Guía técnica sobre a aplicación do principio de «non causar un prexuízo significativo» en virtude do Regulamento relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia» .

Así mesmo, a entidade beneficiaria deberá contribuír aos obxectivos de soberanía dixital e autonomía estratéxica da Unión Europea, así como garantir a cadea de subministro tendo en conta o contexto internacional e a dispoñibilidade de calquera compoñente ou subsistema tecnolóxico que poida formar parte da solución, mediante a adquisición, cando proceda, de equipos, compoñentes, integracións de sistemas e software asociado a provedores situados na Unión Europea.

A Conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade comprométese a colaborar no financiamento do custo das actuacións previstas polo importe establecido na cláusula cuarta.

Así mesmo, en orde a dar cumprimento a obriga de prevención, detección e persecución da fraude, a corrupción e o conflito de intereses como refire o artigo 6 da Orde HFP/1030/2021 conforme ao previsto no artigo 22 do Regulamento (UE) 241/2021 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro do 2021, en relación coa protección dos intereses financeiros da Unión Europea, sublíñase a existencia da canle de denuncias do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA), que resulta aplicable para todo proxecto ou operación financiado total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea (<http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/medidas-antifraude/snca-olaf>), como sinala a Comunicación 1/2017, do 6 de abril, do dito Servizo co obxectivo de que calquera persoa que teña coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación cos proxectos financiados



con cargo a fondos procedentes da Unión Europea, podan poñelos en coñecemento do devandito Servizo.

A subvención regulada neste convenio será compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entidade, pública ou privada. Deberá quedar, en todo caso, identificada nitidamente a trazabilidade dos gastos. Con todo, estas subvencións son incompatibles coa recepción doutros fondos comunitarios para a execución dos mesmos proxectos, non podéndose incorrer en dobre financiamento.

Conforme ao artigo 9 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, os proxectos financiados polo Mecanismo de Recuperación e Resiliencia poden recibir axuda doutros programas e instrumentos da Unión sempre que dita axuda non cubra o mesmo custo que os que xa financie a subvención deste programa. O beneficiario deberá comunicar á Administración que conceda a subvención a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade sen incorrer en dobre financiamento sobre o mesmo custo, procedentes de calesqueira outras administracións ou entes públicos, nacionais ou internacionais.

Décima.- Obrigas en relación coa execución da actividade formativa.

- A formación poderá realizarse de modo presencial, teleformación ou mixta. Na modalidade presencial poderá impartirse en aula virtual, e nese caso, deberá empregarse o "Campus Virtual de formación para o emprego" que a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade poñerá ao seu dispor. Na modalidade de teleformación o uso do "Campus Virtual de formación para o emprego" de dita Consellería será opcional.

Para levar a cabo as sesións que requiran presenza física permitirase o uso das instalacións dos centros propios de formación profesional para o emprego dependentes da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade sempre e cando sexa posible e non incida na programación de accións formativas do centro.

- As accións formativas organizaranse en grupos cun mínimo de cinco participantes para o inicio dos cursos.

- A Federación comprométese a empregar a aplicación SIFO para a execución das accións formativas na que rexistrarán o calendario de realización das accións formativas, a relación do alumnado e persoal docente coa súa asistencia por acción formativa e día.

- O control de presenza realizarase mediante sistema de control biométrico compatible co sistema establecido polo Servizo Público de Emprego de Galicia. Cando as accións formativas se impartan na modalidade presencial en aula virtual, os datos de asistencia deberán ser mecanizados pola



entidade beneficiaria no sistema informático SIFO nos cinco días seguintes á realización da acción formativa.

- Na formación impartida na modalidade de teleformación, realizarase como mínimo unha avaliación das accións formativas de xeito que se acredite que o alumnado realizou o itinerario formativo de acordo coa secuencia deseñada para os contidos da acción formativa e que realizou os exercicios e/ou probas que se determinen pola entidade.

Décimo primeira.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade ou calquera organismo ou entidade dependente ou vinculado á mesma, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir a este departamento ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Décimo segunda.- Resolución do convenio

Serán causas de resolución do Convenio, as seguintes:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- As modificacións das directrices de desenvolvemento sen contar coa previa autorización escrita da Conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Ademais disto, o incumprimento total dos fins do convenio, a non realización das actividades previstas ou o incumprimento da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro da totalidade da contía xa percibida.

Calquera outro incumprimento parcial dos fins do convenio ou da obriga de xustificación, dará lugar a perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro ao Tesouro da Xunta de Galicia das contías xa aboadas na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada, cos xuros a que dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que esta dispuxese.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a subscrición do convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes



públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía contemplada no presente convenio.

Décimo terceira.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constituirase unha comisión paritaria de seguimento que estará integrada, por parte da Conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, por dúas persoas funcionarias da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación, e dúas persoas por parte da Federación.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Décimo cuarta.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e rexerese polas súas propias cláusulas. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para entender dos litixios que puideran xurdir.

En todo o non sinalado estarase ao previsto pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, polo que se aproba o seu Regulamento, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables.

Décimo quinta.- Autorización e publicidade

A Federación autoriza á Conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade a obtención de forma directa da acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia e coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a través de certificados telemáticos.

Así mesmo, as partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.



En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto do convenio e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Décimo sexta.- Protección de datos.

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica de Protección de Datos, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

Décimo sétima.- Publicidade e información.

A Federación deberá cumprir coas seguintes obrigas en materia de publicidade e información:

- a) As relativas ao financiamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, conforme á normativa europea e nacional que resulte aplicable. En particular, e en defecto de que se aprobe unha previsión máis específica ao respecto por orde ministerial do Ministerio de Facenda e Función Pública, nas medidas de información e comunicación das actuacións que desenvolvan inversións (carteis informativos, publicacións impresas e electrónicas, material audiovisual, páxinas web, anuncios e insercións en prensa, certificados, etc.), deberán incluírse o emblema da Unión Europea que incluírá o texto <<Financiado por la Unión Europea-NextGenerationEU>>. Deberán terse en conta as normas gráficas e cores normalizadas establecidos no Anexo II do Regulamento de Execución 821/2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) N° 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ás modalidades concretas de transferencia e xestión das contribucións do programa, a presentación de información sobre os instrumentos financeiros, as características técnicas das medidas de información e comunicación das operacións, o sistema para o rexistro e almacenamento de datos. Tamén se pode consultar a seguinte páxina web: <http://publications.europa.eu/code/es/es-5000100.htm> e descargar distintos exemplos do emblema en: https://europa.eu/european-union/about-eu/symbols/flag_es#download
- b) As establecidas no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Neste sentido, toda referencia en calquera medio de difusión sobre as actuacións obxecto do



convenio deberá incluír que está financiada pola Conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade e o Ministerio de Educación e Formación Profesional.

O incumprimento desta obriga considerarase infracción leve, de acordo co artigo 54.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e sancionarase cunha multa fixa nos termos previstos no artigo 57 da dita lei. Así mesmo, poderá ser causa de reintegro, de acordo co establecido no artigo 33.1.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 75 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

Décimo oitava.- Vixencia

O presente Convenio terá vixencia dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2022.

Por acordo das partes e no Marco do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, este convenio poderá ser obxecto de prórroga.

E, en proba de conformidade cos termos do Convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican, por duplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento

A Conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade

A Federación Galega de Redeiras Artesás "O Peirao"

M^a Jesús Lorenzana Somoza

Verónica Veres Tasende

